



Boletín Nº 105. Jueves, 8 de mayo de 2008

[IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#)[IV.2 MUNICIPAL](#)[FERROL](#)

EDICTO Pág. 5928 Reg. 08/5263-x.

- [Anterior](#)
- [Siguiete](#)

Aprobación definitiva da nova redacción da Ordenanza municipal reguladora de actividades nos montes e espazos forestais

Aprobación definitiva da nova redacción da Ordenanza municipal reguladora de actividades nos montes e espazos forestais do Concello de Ferrol

O Pleno da Corporación, na sesión realizada o día 30 de xaneiro de 2008 acordou a aprobación inicial da nova redacción da "Ordenanza municipal reguladora de actividades nos montes e espazos forestais" do Concello de Ferrol. Transcorrido o prazo de exposición pública, previsto no artigo 49 da Lei 7/85, sen que se presentaran alegacións, queda polo tanto definitivamente aprobada; e de conformidade co disposto no artigo 70.2 da mesma lei, procédese á publicación integra do seu texto:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE ACTIVIDADES NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE FERROL

CAPÍTULO 1

MONTES E ESPAZOS FORESTAIS

Artigo 1: Ámbito e aplicación

1.- Comprende os espazos forestais e de monte entendendo como tales, todos aqueles terreos definidos como "solo rústico de protección forestal", no PXOM de Ferrol, e aqueles outros que, non estando comprendidos na dita clasificación, si cumpran os requirimentos da definición de "monte" establecida pola "Lei de montes 43/2003" (1).

2.- A súa delimitación precisa establecerase no PXOM..

3.- O Concello realizará un catálogo de masas e/ou espécimes forestais de interese existentes no ámbito territorial da súa competencia e negociará coas persoas propietarias ou titulares as medidas de protección, uso e explotación daqueles.

Artigo 2.- Espazos naturais protexidos.

As masas forestais incluídas no ámbito de calquera das categorías de espazo natural protexido definido na Lei 9/2001 de Conservación da Natureza estarán sometidas ás limitacións e á tutela definida nesa Lei 9/2001 e aos regulamentos, decretos e resolucións que a desenvolven.

Artigo 3.- Especies estrañas

1.- No proceso de conservación, repoboación e rexeneración (2) das masas forestais, o emprego de especies estrañas estará suxeito á autorización municipal, atendendo a criterios como a conservación do carácter da paisaxe e ao equilibrio ecolóxico, sen prexuízo doutras autorizacións de organismos e administracións, con competencias en materia de Medio Ambiente, e en particular aquelas que teñan encomendado a tutela dos espazos protexidos, cando a devandita especie se pretenda introducir nalgún deles.

2.- Para os efectos do apartado anterior, consideraranse especies estrañas aquelas que sendo de orixe alóctona, e non sendo de cultivo forestal habitual en Galicia, fosen determinadas como tales polos servizos técnicos municipais competentes, segundo os criterios científicos máis comúns.

Artigo 4.- Actividades preventivas e extractivas

1.- Toda intervención relacionada coa apertura de vías forestais, devasas, cortas de árboredo e similares estará suxeita a licenza e á tutela dos organismos competentes, en particular da Consellería do Medio Rural, (Dirección Xeral de Montes), e do Concello (Concellería de Medio Ambiente). No caso de espazos protexidos, ou da existencia de servidumes a favor de calquera Administración, as actuacións tamén estarán suxeitas á tutela dos organismos competentes en materia de protección da natureza ou, se é o caso, dos organismos competentes da Administración titular da servidume.

2.- Os propietarios dos terreos deberán levar a cabo os aproveitamentos e explotacións de que fosen susceptibles, de acordo coas disposicións dos organismos competentes.

Artigo 5.- Solo rústico de protección agropecuaria

Nas zonas de solo rústico de protección agropecuaria, recollidas no PXOM, prohíbense as explotacións forestais (4), salvo autorización expresa do organismo competente na materia de agricultura (Consellería do Medio Rural).

Artigo 6.- Zonas de protección de costas

1.- As podas, entresacas, talas, sementeiras e repoboacións nos canles públicos e zonas de servidume establecidas como aplicación da Lei 22/1998 de costas, axustaranse á correspondente autorización administrativa, conforme co disposto no RD 1471/89, que desenvolve o Regulamento xeral para desenvolvemento e

execución da Lei 22/1988 de costas, e deberase de achegar copia dela á Concellería de Medio Ambiente.

2.- Con carácter xeral, nas cortas de zonas forestais lindeiras con proteccións de costas, segundo a lexislación vixente, preservárase a masa arbórea que se sitúe na primeira liña de masa forestal cunha profundidade de 25 metros dende a liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre, e permitíranse as cortas por entresaca.

3.- Nos espazos forestais do litoral municipal nos que sexa especialmente dificultosa a repoboación con especies forestais polas características do terreo e as condicións ambientais provocadas polo influxo do mar (ventos, solos, salinidade, etc.) os servizos técnicos municipais competentes poderán determinar razoadamente a ampliación da distancia especificada na alínea anterior co fin de preservar as masas arbóreas existentes.

Artigo 7.- Zonas de dominio público hidráulico

1.- As podas, entresacas, talas, sementeiras e repoboacións nas canles públicos e zonas de servidume, axustaranse á correspondente autorización administrativa, conforme co disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e deberase de achegar unha copia da autorización concedida polos organismos competentes á Concellería de Medio Ambiente.

Artigo 8.- Zonas de protección arqueolóxica

1. Non ámbito de protección precisado polo PXOU das zonas catalogadas como xacemento arqueolóxico non se poderán realizar plantacións forestais.

2. Nos depósitos que estean ou chegaran a estar declarados polo organismo competente non se poderá realizar ningunha tala ou entresaca sen a súa autorización previa

Artigo 9.- Nivelacións de terreo

1.- No solo rústico de protección forestal, e nos espazos definidos como monte para efectos da presente ordenanza, prohibense as nivelacións do terreo que modifiquen as características naturais do solo e alteren a paisaxe.

2.- Como consecuencia da alínea anterior, consideraranse prácticas prexudiciais os socialcos e os regos en faixas, salvo informe preceptivo da Administración competente en materia forestal.

Artigo 10.- Plans especiais

1.- O Concello e demais organismos competentes poderán redactar uns plans especiais para determinados sectores que regulen os aspectos de utilización destes espazos como partes do sistema de espazos libres municipais ou comarcais de

acondicionamento recreativo (miradoiros, campos de festa, áreas recreativas, cámpings, etc.)

2.- Na confección dos planes do apartado anterior especificarase a obrigatoriedade do cumprimento do disposto na Lei 1/1995, de 10 de febreiro, de protección ambiental de Galicia, en particular no referido no título II (técnicas e medidas de defensa) desta e disposicións que a desenvolver.

3.- Prohíbense en xeral, todos os usos que supoñan edificación permanente.

CAPITULO 2

NOVAS PLANTACIÓNS FORESTAIS

Artigo 11.- Novas plantacións forestais

1. Con carácter xeral e co fin de garantir o efectivo cumprimento desta ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa á plantación de superficies forestais superiores a 500 m². Na dita comunicación identificarase o propietario e a finca de plantación, así como a especie e densidade.

2. As novas plantacións de eucaliptos que supoñan máis de 5 hectáreas na masa continua deberán solicitar autorización de plantación, nos termos establecidos no artigo 2.1 do Decreto 81/1989 do 10 de maio, da Consellería de Agricultura.

3. Non se permitirán as novas plantacións de eucaliptos nos terreos ocupados por masas de frondosas.

4. Simultaneamente á rendibilidade das repoboacións forestais feitas con especies estrañas (Art. 3.2) e de crecemento rápido, valorarase por partes das administracións competentes a promoción das especies correspondentes á vexetación potencial natural da comarca, co fin de favorecer a rexeneración do equilibrio paisaxístico e ecolóxico da zona forestal do Concello.

5. En todo caso, estarán suxeitas á declaración de impacto ambiental, as repoboacións forestais nos supostos previstos no anexo I do Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, e no Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental de Galicia. Así mesmo, no caso das repoboacións forestais recollidas no anexo II, do Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación do impacto ambiental, a Consellería competente en materia do Medio Ambiente determinará, coa solicitude previa da persoa interesada, a necesidade de someterse ou non á avaliación do impacto ambiental.

Artigo 12.- Distancias mínimas.

1.- Con carácter xeral nas plantacións forestais lindeiras con outros predios deberán de respectarse as distancias seguintes entre o inicio da plantación e os lindes correspondentes do predio veciño:

a) Eucaliptos (xénero *Eucalyptus*): distancia mínima de 6 metros.

b) Outros casos: distancia mínima de 4 metros.

2.- As repoboacións forestais que lindan con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria deberán gardar, como mínimo, 10 metros de distancia respecto deles.

3.- Todas as plantacións forestais lindantes con vías de titularidade pública deberán respectar as distancias mínimas seguintes, dende o bordo máis próximo da vía:

a) Camiños: 3 metros.

b) Estradas: 6 metros.

3.1- As franxas de terreo resultantes da salvagarda das distancias mínimas indicadas, deberán de manterse limpas de maleza, restos e abrochos de árbores.

3.2- Se existisen gabias, ou estrutura similar, a distancia medirase a partir do bordo destas máis próximo á plantación.

4.- Establécense as seguintes distancias mínimas para as repoboacións forestais, en todo tipo de terreos, e respecto das edificacións que se indican:

a) Para especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente ordenanza:

i. Con vivendas ou instalacións preexistentes: 50 metros.

b) Para o resto das especies:

i. Con vivendas ou instalacións preexistentes: 10 metros.

ii. Con industrias ou instalacións preexistentes nas que se desenvolvan actividades perigosas consonte co establecido na Lei 1/1992, do 2 de xaneiro, de protección medioambiental de Galicia ou na súa normativa de desenvolvemento: 25 metros.

As especificacións previas do presente artigo, non se considerarán de aplicación para xardíns, árbores illados, cerres vexetais, árbores ornamentais e árbores senlleiras.

Ademais das distancias anteriormente establecidas, todas as plantacións deberán respectar a faixa de protección de 50 metros de ancho ao redor das urbanizacións edificacións e instalacións resultantes da execución de plans de ordenación urbanística situadas nas zonas de influencia forestal (4), que non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e na que terán que cumprir coas seguintes medidas de prevención:

a) Respectar unha faixa de protección de 50 m de ancho ao redor das urbanizacións, edificacións e instalacións sinaladas no parágrafo anterior, medidos dende o lindeiro da parcela na que se situasen estas, libre de vexetación seca e na que se aplicarán as distancias establecidas no punto 3. No caso de especies non pertencentes ao anexo da disposición adicional terceira, unha vez aplicadas as distancias establecidas, na faixa que resta ata os 50 m, permitirase a existencia de arborado sempre e cando a masa arborada estea aclarada, cunha distancia mínima entre copas das árbores de 4 m . En todo caso, prohíbese a presenza das especies

do anexo da disposición adicional terceira na franxa de 50 metros ao redor das vivendas ou instalacións.

b) As obrigas establecidas no parágrafo anterior serán cumpridas polos propietarios ou propietarias, ou no caso de urbanizacións polo órgano de xestión ou xunta urbanizadora. No suposto de non estar constituída, serán cumpridas solidariamente polos propietarios ou propietarias dos terreos da urbanización.

c) Cando os responsables establecidos no apartado anterior non sexan os titulares da totalidade da faixa exterior prevista no apartado (a) deste artigo, establécese unha servidume forzosa para acceder á faixa establecida. Este acceso farase durante o tempo estritamente necesario para o labor da xestión da biomasa, polo punto menos prexudicial ou incómodo para os terreos gravados e, de ser compatible, polo máis conveniente para o beneficiario, e non poderán afectar en ningún caso a construcións ou infraestruturas que se sitúen neles.

5.- Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, respectaranse as especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación. Ademais, nunha faixa de 5 metros dende a estremeira da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da presente ordenanza.

6.-No caso de existir tendidos eléctricos ou telefónicos, e sen prexuízo do disposto con carácter xeral, deberán habilitarse espazos libres para servidume de mantemento das ditas instalacións, que serán de 5 metros a cada beira dos tendidos, medidos a partir das proxeccións verticais dos bordos extremos destes. Esta zona libre deberá respectarse igualmente para calquera estrutura de sinalamento terrestre (sinalización de vías, etc.) ou marítima (postes de milla, etc.), e neste último caso non poderá impedirse a súa correcta visibilidade dende a mar.

7.-En zonas de difícil visibilidade das vías públicas, como curvas e canles, e a criterio dos servizos municipais competentes, prohíbense as plantacións arbustivas ou arbóreas nunha franxa de 5 metros de ancho, medida dende o bordo máis exterior da vía ata o inicio da plantación, e de largo conforme co que especifiquen os servizos técnicos municipais, segundo as características do trazado da vía.

8.-O voo das plantacións forestais non poderá invadir o espazo das vías, determinado pola proxección vertical dos seus bordos máis externos e, no caso de facelo, deberán podarse as árbores de forma que deixen unha altura de gálibo de 5 metros como mínimo.

9.- As distancias contidas nesta ordenanza consideraranse aplicadas en proxección horizontal, salvo especificación particular.

CAPITULO 3

DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA

Artigo 13.- Realización de tarefas extractivas

O presente capítulo regula, en xeral, as tarefas extractivas da madeira e, en particular, a realización de operacións de depósito, carga e transporte, sempre e cando afecten a cortas superiores aos 10 m³ por propietario ou se empreguen para estas tarefas vehículos de peso máximo autorizado (PMA) superior ás 5 t de madeira

Artigo 14.- Solicitude de autorización de extracción

As persoas físicas ou xurídicas que realicen as actividades de aproveitamento forestal, deberán solicitarlle ao Concello a autorización para efectuar as cortas. Esta solicitude realizarase como mínimo 15 días antes da data prevista para o comezo dos traballos e nela farase constar o seguinte:

- Identificación do propietario e madeirista.
- Especie de madeira obxecto da tala así como toneladas a extraer.
- Nome do monte afectado coa referencia catastral e identificación sobre cartografía oficial do PXOM de Ferrol a escala 1:5000.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira que se indicaran sobre cartografía 1:5000.

A solicitude de autorización para corta incluírá unha copia compulsada da notificación ou autorización de corta, expedida pola Administración forestal competente, necesaria para realizar o aproveitamento .

En todo caso, as cortas a eito, ou a matarrasa, precisarán a xustificación das medidas que se tomarán para previr riscos erosivos, en caso de que estes existan, por elevada pendente ou calquera outra causa presente na parcela obxecto do aproveitamento forestal.

Os restos da corta presentes na finca xestionaranse consonte o disposto nos regulamentos que marque a normativa de rango autonómico para tales efectos.

Artigo 15.- Fianzas

1. Os responsables do aproveitamento presentarán, antes de comezar os traballos, os xustificantes de ter depositada a fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes indicados no apartado seguinte, para responder do arranxo dos danos que puidesen producir nas vías, e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira.

2.- Para os efectos da fixación de fianzas, estableceranse catro categorías, en función do volume do aproveitamento:

- a) Volume de corta inferior a 300 m³: 450 €.
- b) Volume de corta entre 301 m³ e 1500 m³: 2000 €
- c) Volume de corta entre 1501 m³ e 3000 m³: 3500 €

d) Volume de corta superior a 3000 m³: 6000 €

3.- Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza, completárase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobasen a inexistencia de danos nas vías e infraestruturas de titularidade municipal.

Artigo 16.- Reparación de deterioracións, limpeza e reciclado de restos.

1.- Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, de medio ambiente, forestal, do código da circulación e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que puidesen ser de aplicación, a persoa física ou xurídica que figure como titular da solicitude de autorización de corta, estará obrigado a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, ou nas estruturas anexas, así como á retirada dos restos procedentes das operacións de tala, carga e almacenamento.

2.- A persoa física ou xurídica que figure como titular na solicitude de autorización de corta deberá xestionar os restos consonte aos códigos de boas prácticas forestais, o disposto na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou regulamento que poida desenvolver esta Lei no futuro.

3.- Igualmente, a persoa física ou xurídica que figure como titular na solicitude de autorización de corta estará obrigada a retirar da zona de extracción, e xestionar de acordo coa normativa vixente en materia de residuos, todos os lixos que puidesen xerarse durante a actividade (latas, aceites, recipientes de bebidas, etc.)

Artigo 17.- Carga e depósitos de materiais

1.- Queda terminantemente prohibido realizar tarefas de carga e almacenamento sobre as vías e estruturas anexas. Prohíbense tamén as tarefas de carga realizadas dende a vía pública ou estruturas anexas, agás expresa autorización municipal por causa de necesidade debidamente motivada.

2.- As vías situadas na zona de extracción e depósito deberán estar debidamente sinalizadas, conforme á lexislación viaria vixente, e vixiadas co fin de previr aos usuarios destas da realización da actividade e dos riscos derivados dela.

3.- Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir as vías, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscabar a funcionalidade das gabias, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

4.- Prohíbese o vertido de residuos procedentes das operacións regulamentadas na presente ordenanza nos lugares non autorizados expresamente para isto.

Artigo 18.- Execución subsidiaria

Con anterioridade á comunicación do remate dos traballos ao Concello, e transcorrido un prazo de sete días hábiles dende que se lle notificase á persoa física

ou xurídica que figure como titular do permiso de corta á existencia de danos producidos durante o aproveitamento forestal e saca da madeira, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada as operacións de reparación, corrección e retirada de restos, toda vez que estes non fosen retirados polo titular dos aproveitamentos, sen prexuízo da sanción que proceda e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se estes non fosen totalmente cubertos pola fianza.

Artigo 19.- Control

O Concello, a través da Concellería de Medio Ambiente, supervisará o cumprimento das actividades reguladas na presente ordenanza mediante os servizos técnicos municipais competentes.

CAPITULO 4

RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 20.-Normas xerais

O Concello a través dos servizos técnicos municipais competentes, deberá denunciar cantas infraccións se produzan no relativo a esta Ordenanza.

Igualmente, toda persoa física ou xurídica poderá denunciar ante o Concello as infraccións contidas nesta ordenanza.

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigacións sinaladas na presente ordenanza serán esixibles, non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen deban responder.

Cando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade esixiráselle á persoa que posúa legalmente a súa representación.

O Concello procederá á creación dun rexistro das infraccións das disposicións contidas na presente ordenanza.

Artigo 21.-Clasificación das infraccións

1.- Infraccións leves: consideraranse infraccións leves, para os efectos do disposto na presente ordenanza, o incumprimento do disposto no artigo 12.

2.- Infracción graves: consideraranse infracción graves para os efectos do disposto na presente ordenanza:

- a) A reiteración en infraccións leves.
- b) As infraccións aos artigos 3, 5, 6, 7, 8, 9, e 11.
- c) As infraccións aos artigos 14, 15, 16 e 17.

3.- Infraccións moi graves: consideraranse infraccións moi graves para os efectos do disposto na presente ordenanza a reiteración nas infraccións graves.

Entenderase que existe reincidencia cando ao cometerse a infracción non transcorrese un ano dende que o autor fose sancionado por outra análoga por resolución firme.

Independentemente das sancións que puidese determinar o Concello conforme a presente ordenanza, éste presentaralle expediente informativo das infraccións cometidas ao órgano competente en materia forestal da Xunta de Galicia.

Artigo 22.-Responsables

Considerase responsable das infraccións das disposicións recollidas nos artigos 3, 5, 6, 7, 8.1, 9, 11 e 12 da presente ordenanza, a persoa propietaria dos predios nos que se producen as infraccións sinaladas.

Considérase responsable das infraccións das disposicións recollidas nos artigos 8.2, 14, 15,16 e 17, a persoa física ou xurídica que figure como titular na notificación ou permiso de corta, para a execución dos aproveitamentos forestais que desen lugar á infracción correspondente.

Artigo 23.-Sancións

A contía das multas establécese conforme á Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.

1.- Infraccións leves:

As infraccións clasificadas como leves sancionaranse coa obriga do propietario dos terreos, de eliminar o arboredo ata cumprir as distancias mínimas sinaladas na presente ordenanza, nun prazo máximo de 15 días dende a comunicación da infracción, e multa de 50 a 150 euros.

2.- Infraccións graves:

As infraccións clasificadas como graves sancionaranse con multa de 151 a 300 euros.

3.- Infraccións moi graves:

As infraccións clasificadas como moi graves sancionaranse con multa de 301 a 750 euros.

4.- As infraccións aos artigos 14 e 15 suporán a paralización dos traballos por parte do Concello de Ferrol ata o momento en que se comuniquen os traballos de aproveitamento forestal segundo o establecido no artigo 14, ou se é o caso, se deposite a fianza, segundo o disposto no artigo 15.

5. O incumprimento dos requirimentos do Concello de Ferrol para o cumprimento das obrigas as que fai referencia o artigo 12 dará lugar á imposición de multas coercitivas.

6. A imposición de multas coercitivas esixirá que no requirimento se indique o prazo do que se dispón para o cumprimento da obriga e a contía da multa que pode ser imposta. En todo caso, o prazo deberá ser suficiente para cumprir a obriga e a multa non poderá exceder de 450 euros.

7. No caso de que, unha vez imposta a multa coercitiva, se manteña o incumprimento que a motivase, poderá reiterarse as veces que sexan necesarias

até o cumprimento da obriga, sen que, en ningún caso, o prazo fixado nos novos requirimentos poida ser inferior ao fixado no primeiro.

8. As multas coercitivas son independentes e compatibles con as que se poidan impoñer en concepto de sanción.

Artigo 24.-Procedemento aplicable

O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto nos artigos 127 e seguintes da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, e é órgano competente para a súa incoación e tramitación, e para a proposta de resolución, o órgano administrativo municipal correspondente, de oficio ou a por instancia de terceiros.

Disposicións adicionais

Primeira

O establecido na presente ordenanza enténdese sen prexuízo das actuacións que lles correspondan a outros organismos da Administración dentro das súas respectivas competencias.

Segunda

Aos catro anos de entrada en vigor da presente ordenanza, analizaranse os resultados e proporanse, se procedese, as modificacións oportunas.

Terceira

1. Determínanse as seguintes especies para os efectos da xestión da biomasa vexetal e da ordenación das repoboacións forestais, nos termos establecidos na presente ordenanza:

Nome científico	Nome común
Pinus pinaster	Piñeiro do país ou marítimo
Pinus radiata	Piñeiro deMonterrei
Pseudotsuga menziesii	Piñeiro de Oregón
Acacia dealbata	Mimosa
Acacia melanoxylum	Acacia negra
Eucalyptus spp.	Eucalipto

2. En todo caso, poderán conservarse árbores das especies sinaladas no apartado anterior, no caso de se trataren de árbores senlleiras ou singulares, ou aquelas que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illadas e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais.

Disposición transitoria

As plantacións existentes deberán adecuarse ó disposto nesta ordenanza no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor desta.

Quedan excluídas da anterior, aquelas plantacións que pola súa singularidade (árbores monumentais, especies singulares, etc.) sexan obxecto doutro tratamento. Para isto será preceptivo contar co informe favorable dos servizos técnicos municipais

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións municipais contradigan o disposto nesta ordenanza e, en particular a Ordenanza municipal reguladora de actividade nos montes e espazos forestais aprobada por acordo plenario do día 24 de setembro de 1998.

Disposicións finais

Primeira

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Segunda

A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

Glosario

(1) Concepto de monte

1. Segundo recolle a Lei 43/2003 de montes, enténdese por monte todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexan espontáneas ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir función ambientais, protectoras produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte:

- a) Os terreos ermos, rochedos e areas.
- b) As construcións e infraestruturas destinadas o servizo do monte no que se localizan.
- c) Os terreos agrícolas abandonados que cumpran as condicións e prazos que determine a Comunidade Autónoma, e sempre que adquirisen signos inequívocos do seu estado forestal.
- d) Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba a finalidade de ser repoboado ou transformado o uso forestal, de conformidade coa normativa aplicable.

2. Non teñen a consideración de monte:

- a) Os terreos dedicados o cultivo agrícola.
- b) Os terreos urbanos e aqueles outros que exclúa a Comunidade Autónoma na súa normativa forestal e urbanística.

3. As comunidades autónomas, de acordo coas características do seu territorio, poderán determinar a dimensión da unidade administrativa mínima que será considerada monte os efectos da aplicación desta lei,

(2) Concepto de repoboación forestal

- **Repoboación forestal:** introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación. Pode ser forestación o reforestación.
- **Forestación:** repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola o estaba dedicado a outros usos no forestais.
- **Reforestación:** reintrodución de especies forestais, mediante sementeira ou plantación, en terreos que estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, pero que quedaron rasos a causa de talas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.
- **Rexeneración:** É axudar a proporcionar a especies arbóreas e arbustivas que constitúan a potencialidade do territorio, dentro dun área que sufriu algún tipo de alteración.

(3) Concepto de explotación forestal

En xeral, enténdese que se refire ás plantacións arbóreas efectuadas en terreo forestal, que poden ser monoespecíficas (monocultivos: unha soa especie arbórea) ou poliespecíficas (policultivos, dúas ou máis especies arbóreas), efectuadas co fin de obter un rendemento económico.

(4) Zona de influencia forestal

As áreas estremeiras que abranguen unha franxa circundante dos terreos forestais cunha largura de 400 metros.

Ferrol, 18 de abril de 2008

O ALCALDE,

Asdo.: Vicente Irisarri Castro

Reg. 08/5263-x

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Facenda e Patrimonio

Aprobación definitiva ordenanzas 2010

O día 29/10/2009 aprobouse, por acordo plenario, provisionalmente a modificación das Ordenanzas Fiscais para o exercicio 2010.

Tralo período de exposición pública presentouse dúas alegacións ás modificacións citadas no parágrafo anterior.

Por acordo plenario do día 22/12/2009 resolvéronse as alegacións presentadas, aprobando definitivamente a modificación das ordenanzas fiscais correspondentes ó citado exercicio.

Polo tanto a redacción definitiva das Ordenanzas fiscais correspondentes ó exercicio 2010 é como segue:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra, polos motivos sinalados na parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Estimar as alegacións presentadas polo grupo municipal Esquerda Unida nos termos e alcance sinalados na parte expositiva do presente acordo, incorporando as mesmas ó texto definitivo das ordenanzas.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a imposición e ordenación das seguintes ordenanzas fiscais para o exercicio 2010 segundo o seguinte teor:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

Ó abeiro do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa, os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4. O pagamento da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras de devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

“A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

Ordenanza fiscal reguladora do servizo de acompañamento pola policía local a transportes especiais:

Artigo 1.- En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 e seguintes do RDL 2/2004, este Concello establece a taxa polo servizo de acompañamento pola Policía Local a transportes especiais. A dita taxa rexirase pola presente ordenanza fiscal e o resto das normas que resulten aplicables do ordenamento xurídico.

Feito imponible e devengo.

Artigo 2.- Constitúe o feito imponible da taxa o acompañamento de determinados transportes por parte da Policía Local dentro do termo municipal.

O devengo da taxa terá lugar cando se presente a solicitude polo interesado á Policía Local para a prestación do servizo, a cal non se realizará sen que se efectúe o pagamento correspondente.

Suxeito pasivo.

Artigo 3.- Terán a condición de suxeito pasivo contribuínte as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten a prestación do servizo.

Tarifa.

Artigo 4.- A cota virá determinada, pola suma dos seguintes conceptos:

- Por hora ou fracción: 50,68 €.
- Por elementos utilizados na prestación do servizo (hora ou fracción):

CONCEPTO	CUSTO UNITARIO POR HORA (€)
Citroen Xsara HDI	10,96
Moto Honda CB500	5,79
Persoal Gardas Tipo 2	19,59
Persoal Gardas Tipo 3	21,30

Normas de xestión.

Artigo 5.- A presente taxa xestionarase polo sistema autoliquidación. Nese senso o suxeito pasivo formulará a correspondente solicitude de prestación do servizo á Policía Local. Unha vez realizadas pola Policía Local as actuacións administrativas que correspondan, remitirase ó área de Facenda os datos correspondentes ó suxeito pasivo xunto coa determinación dos elementos que se afectaran ó servizo solicitado e unha imputación de tempo para a súa execución. Esta remisión efectúase cunha semana de antelación á data solicitada para o servizo obxecto de liquidación.

Corresponderá ó suxeito pasivo a acreditación á Policía Local do aboamento da liquidación practicada de forma previa á prestación do servizo solicitado.

Infraccións e Sancións Tributarias.

Artigo 6.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que correspondan en cada caso, atenderase ó disposto na Lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento.

A disposición derradeira queda redactada como segue:

“A redacción da presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2010 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos:

O artigo 4 queda redactado como segue:

“a) Por cada verificación de suficiencia dun poder efectuado polo secretario xeral: 32,46 €.

Unha vez que o secretario xeral verifique a suficiencia dun poder, este será adecuado e suficiente para os efectos desta Corporación mentres non sexa obxecto de modificación ou revogación, polo que non serán precisas novas dilixencias de verificación de suficiencia para tomar parte validamente en posteriores expedientes de contratación.

b) Por cada licenza de uso de escopetas de aire comprimido: 10,08 €.

c)

Por cada copia do plano da cidade	10,08€
Por cada copia do plano da serie da rede de sumidoiros	9,51€
Por cada copia do plano da serie da rede de auga	9,51€
Por cada copia dos planos ou reprodución aérea dos polígonos catastrais	9,51€

d) Por cada copia de plans de proxectos en xeral da máquina reprodutora de plans: 9,51 €.

e) Por expedición de certificación urbanística por cada unha: 11,77 €.

f) Por informes sobre réxime urbanístico por cada predio: 27,08 €.

Quedan excluídas desta taxa aquelas certificacións referidas á inclusión ou non do predio nun ámbito de Área de Rehabilitación Integral ou Área de Rehabilitación de Casco Histórico, a efectos de solicitar ou xustificar unha axuda á rehabilitación de edificios ou vivendas.

g) 1.-Taxas de licenza e rexistro de vehículos para a tora de madeira no termo municipal de Ferrol.

Para efectos de trámite de licenza e rexistro de vehículos establécense as taxas seguintes, que serán renovadas mediante ordenanza fiscal específica:

Tramitación de nova licenza ou renovación	19,20€
Por cada rexistro de vehículo en nova licenza ou novos rexistros de vehículos	PMA menor de 16 Tm: 3,87 €
	PMA igual ou superior a 16 Tm: 7,71 €

2.- Taxa pola autorización de tala: 2% da valoración da tala, debendo para iso achegar o interesado autorización administrativa da Administración competente.

h) Taxa pola tramitación e entrega de información cartográfica en soporte dixital.

O importe da taxa recollerá os conceptos de tempo utilizado na realización do traballo e unidades de soporte informático utilizado para o seu almacenamento, tendo en conta que o criterio para calcular o importe da taxa será, polo tanto, a suma dos seguintes conceptos:

Cada 30 minutos de traballo ou fracción	28,76 €	
Por cada unidade de soporte informático	Disquete	0,45 €
	CD	0,81 €

i) Taxa por expedición de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos, por cada licenza... 52,04 €.

j) Expedición de informes pola Policía Local:

- Relativo á accidentes de circulación realizados pola Policía Local 13,81 €.
- Expedición doutros informes 6,91 €.

k) Expedición de informes técnicos no outorgamento de licenza de obras e outros.

Cando dentro dun mesmo procedemento relativo ó outorgamento de licenzas de obra, instalación ou apertura, ou en xeral calquera outro procedemento en materia urbanística sexa necesaria a emisión de dous ou máis informes polos servizos técnicos municipais relativos a que a documentación presentada non é correcta (documentación incompleta ou que non cumpre ou non xustifica a normativa vixente), quedarán suxeitos a taxa os citados informes, sendo a súa contía:

- Emisión do segundo informe: 29,08€.
- Emisión do terceiro informe: 37,39€.
- Emisión do cuarto informe e posteriores: 41,53€.

l) Visitas de inspección dos servizos técnicos na tramitación de licenza de apertura e outros.

Cando dentro dun mesmo procedemento relativo á tramitación de licenzas de apertura e funcionamento de actividades, licenzas de primeira utilización de edificacións, legalizacións de obras ou cambio de uso, que requiran visitas de inspección por parte dos servizos técnicos sexa necesaria a realización de dous ou máis inspeccións polos ditos servizos porque as obras e instalacións non se axustan ás licenzas aprobadas e a documentación técnica presentada, quedarán suxeitos a taxa as citadas visitas de inspección, sendo a súa contía:

- Segunda visita de inspección: 87,22€.